III Congreso Nacional de Usuarios de Matlab

- Actualizado (13.09.2005)

Os vindeiros días 17, 18 e 19 de novembro vaise celebrar en Madrid (UNED) o III Congreso Nacional de Usuarios de Matlab.Esta edición presenta un atractivo especial, coa presentaciónde máis de 70 Papers e catro conferencias plenarias que cubrirán aspectos tan variados como DSP práctico con MATLAB, grandes proxectos de control con MATLAB, Simulink e Stateflow, MATLAB e o mundo real con Data Acquisition Toolbox, exemplos de prototipaxe rápido, etc. Entre os traballos presentados por experimentados usuarios figuran interesantes exposicións que agrupadas en distintas categorías: robótica, comunicacións, simulación, tratamento de imaxes, máquinas eléctricas e electrónica de potencia, sistemas dinámicos, procesos químicos, tratamento de sinais médicas, redes neuronais, contornos gráficos, aplicacións matemáticas, docencia, control...
O Congreso de Usuarios de Matlab é un congreso aberto a tódolos interesados, incluíndo a aqueles que ainda non son usuarios, e constitúe unha ocasión única para coñecer algunhas das aplicacións máis representativas de MATLAB e os seus toolboxes na investigación, a docencia e o desenvolvemento tanto no ámbito industrial como no académico.
Ademais dos contidos presentados nos traballos, o congreso ofrece un contorno idóneo para contrastar opinións cos usuarios de MATLAB, plantexar cuestións ós enxeñeiros de The Mathworks e de Addlink e obter información práctica que lle pode ser de axuda na súa actividade profesional.

Atopará a información acerca de como inscribirse e o procedemento correspondente en http://www.dia.uned.es/matlab/matlab.html. Se non dispón de boletíns de inscrición, pode solicita-los directamente a Addlink Software Científico por teléfono ó número 934-154-904, por fax ó número 934-157-298 ou por correo electrónico na dirección info@addlink.es. Opcionalmente, pode realiza-la súa inscrición directamente na recepción do congreso, cualquera dos días de celebración do mesmo.